


Convocatoria
X Concurso de Relatos

“Heroínas e heroes,... os de onte, as de hoxe”

Museo Liste de Vigo



2022

Bases

1. **Aspectos xerais:** X Concurso de Relatos do Museo Liste de Vigo convocado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas (17 de maio).

2. **Temática:** “Heroínas e heroes, ... os de onte, as de hoxe”

Cada xeración, cada comunidade, cada cultura, establece na súa escala de valores as características que posúen aqueles seres extraordinarios aos que chamamos heroes e heroínas.

Pola súa banda, o cine, os cómics, a literatura, crearon novas mitoloxías dotando a diversos personaxes de poderes e habilidades que lles permitían distinguirse dos demais.

Aínda poderíamos establecer unha nova categoría, seica a máis realista e contemporánea, xa que segundo dicía Castelao, *“o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anseios en realidades, as ideas en feitos”*.

É por isto que as heroínas e os heroes actuais poden levar capa ou non, poden ter superpoderes ou non, poden permanecer no anonimato ou non. O que todas e todos teñen en común é que converten o mundo nun lugar mellor.

Partindo destas premisas, este ano, convidámosvos a que escribades sobre heroísmo. Animámosvos a crear a vosa heroína ou heroe, aquel/a que, para vós, sería quen de beneficiarnos coas súas accións. Poderedes inventar un ser fantástico con poderes excepcionais ou plasmar a un ser humano que , aínda que menos sorprendente, contribúa coas súas accións ou labor a facer a nosa vida máis fácil, máis bonita, máis segura,...

Escribide, imaxinade, desexade,... pode que, cos vosos relatos, os nosos soños se convertan en realidade transformándovos en heroínas e heroes para nós.

3. **Idioma:** galego.

4. **Participantes:** nenas e nenos de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria.

5. Categorías: establécense 5 categorías:

- Categoría A: nenas e nenos de 1º e 2º de Educación Primaria.
- Categoría B: nenas e nenos de 3º e 4º de Educación Primaria.
- Categoría C: nenas e nenos de 5º e 6º de Educación Primaria.
- Categoría D: nenas e nenos de 1º e 2º de E.S.O.
- Categoría E: nenas e nenos de 3º e 4º de E.S.O.

6. Formato e modo de presentación: os traballos presentados ao concurso terán unha presentación e extensión libres, manuscritos ou a ordenador. Serán presentados ben na sede do Museo Liste, na rúa Pastora nº 22; enviados por correo ordinario a dita dirección; ou enviados a través de enderezo de correo electrónico: didactica@museoliste.org dende a cal se confirmará recepción.

7. Prazo de recepción dos traballos: aberto dende o 1 de febreiro de 2022 ata o 26 de abril de 2022.

8. Selección de obras, xurado e fallo: o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado por varios membros: unha psicóloga, unha educadora social, unha mestra de primaria, un profesor de secundaria e persoal do Museo Liste. **O fallo do xurado será comunicado aos gañadores vía telefónica e publicado no blog do museo (<https://museoliste.org/blog/>) e en prensa a partir do 10 de maio de 2022.**

9. Premios: establécense 5 premios, un premio por cada categoría, consistentes en lotes de libros, medallas e diplomas acreditativos. **A entrega de premios realizarase o día 17 de maio, “Día das Letras Galegas”, a partir das 12:30 h. na sede do Museo.**

10. Outros: en todo aquilo non previsto nesta bases a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.

11. Información: a través do teléfono 986244698 ou a través do enderezo didactica@museoliste.org.